

CONVENIO ENTRE A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALLEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA PARA INTEGRACIÓN E ACTUALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SOPORTE AO CÁLCULO INTENSIVO

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2022

REUNIDOS :

Dunha parte,

O Excmo. Sr. D. Ángel Carracedo Álvarez, con D.N.I. nº 33.223.018-R actuando en nome e representación da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (en adiante FUNDACIÓN XENÓMICA) C.I.F. G 15926488, na súa calidade de Director Executivo da entidade e en virtude das facultades atribuídas por delegación do Padroado segundo Acordo de data 18 de decembro de 2015.

Doutra parte,

A FUNDACIÓN PÚBLICA GALLEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (en adiante CESGA), con CIF G15852981, con domicilio na Avenida de Vigo, s/n de Santiago de Compostela, e no seu nome e representación D. Lois Orosa Nogueira, con NIF 44.829.965-K, que actúa na súa condición de Director Xerente de dita entidade, estando facultado para este acto en virtude do establecido en escritura de poder outorgado ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, José Manuel Amigo Vázquez, o día 3 de marzo de 2022, con número de protocolo 680.

As partes, na calidade en que cada unha intervén, recoñécense reciprocamente a capacidade legal para obrigarse e outorgar o presente Convenio de colaboración, e a tal efecto,

EXPOÑEN :

ANTECEDENTES :

Ambas entidades asinaron en xaneiro de 2018 un “CONVENIO ENTRE A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALLEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA PARA SOPORTE DE CÁLCULO INTENSIVO”, ao que se engadiu unha addenda en 2021 para cubrir necesidades sobrevidas. Co fin de agregar e actualizar os servizos descritos no citado Convenio de 2018 e dita addenda, así como para actualizar os custos dos mesmos, as partes acordan asinar este novo Convenio que recolle os citados cambios.

PRIMEIRO.-

Que a FUNDACIÓN XENÓMICA é unha entidade que ten xenericamente, por obxecto, desenvolver actividades relacionadas coa medicina molecular, entendida como o coñecemento sobre os xenes humanos, nas que conflúen varias disciplinas das ciencias da saúde, xerado a partires da incorporación de diversas técnicas moleculares consecuencia dos

avances nas áreas da xenética humana, a biotecnoloxía, a terapia xenética, a farmacoxenética ou a inmunoloxía molecular, así como o coñecemento e as aplicacións derivadas do proxecto xenoma humano.

SEGUNDO.-

Que a FUNDACIÓN CESGA, é unha entidade que ten como obxectivo dar servizo de cálculo de altas prestacións á comunidade científica de Galicia, así como ás institucións e empresas que o requiran, por medio dos equipos e programas existentes nas súas instalacións e da rede de comunicacións que xestiona.

A FUNDACIÓN CESGA, dispón do equipamento e coñecementos necesarios para poder dar soporte en cálculo intensivo á FUNDACIÓN XENÓMICA.

TERCEIRO.-

Que a FUNDACIÓN XENÓMICA non dispón dos medios técnicos necesarios e imprescindibles para afrontar en solitario a tarefa obxecto do presente Convenio, polo que se fai precisa a colaboración entre ambas institucións, dada a finalidade concorrente das dúas. Para tal efecto, a Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, sinala non seu artigo 15.1, baixo ou epígrafe “acordos de colaboración ou cooperación para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común” que os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público autonómico poderán chegar a acordos para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común. Segundo o apartado 3 deste artigo “cando o financiamento conxunto se realice entre órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público ou entre estas entre si, se formalizará un convenio de colaboración entre elas co mesmo contido expresado no apartado anterior”.

A FUNDACIÓN XENÓMICA, froito das últimas tecnoloxías de ultrasecuenciación vixentes, xera volumes de información en forma de pequenas secuencias que necesita aliar e mapear á secuencia coñecida do xenoma humano. A FUNDACIÓN XENÓMICA precisa realizar a análise bioinformática desta información, resumindo millóns de pequenas secuencias nun reducido número de grandes secuencias, así coma de facilitar o procesado posterior destes resultados.

Dada a complexidade do sistema a desenvolver e a non dispoñibilidade por parte da FUNDACIÓN XENÓMICA dos medios técnicos necesarios e imprescindibles para afrontar en solitario a tarefa obxecto do presente Convenio, faise necesaria a colaboración entre a FUNDACIÓN XENÓMICA e a FUNDACIÓN CESGA, no que se refire a soporte en cálculo intensivo.

CUARTO.-

Neste caso, ó haber un interese común - acadar por medio dun proceso de cálculo intensivo a análise bioinformática dos resultados da ultrasecuenciación - a FUNDACIÓN XENÓMICA só aportará unha contía económica en concepto de compensación de gastos incorridos, polas accións desenvolvidas pola FUNDACIÓN CESGA, polo tanto pódese concluír que estamos diante dun Convenio de colaboración e non ante un contrato administrativo.

Que a FUNDACIÓN XENÓMICA e a FUNDACIÓN CESGA desexan continuar coa colaboración en materia de análise bioinformática dos resultados da ultrasecuenciación, co fin de abordar as tarefas que se indican nos acordos do presente Convenio, e outras que se

poidan desenvolver no futuro, con cargo aos custes aos que se fai referencia no **Anexo 1** do presente Convenio.

Polo tanto, acordan:

PRIMEIRO.- Obxecto e finalidade:

O obxecto do presente Convenio de colaboración, é posibilitar que a FUNDACIÓN CESGA dea soporte á FUNDACIÓN XENÓMICA, en materia de cálculo intensivo e almacenamento de datos.

SEGUNDO.- Contido do Soporte ao Cálculo Intensivo e almacenamento:

As actividades de soporte poderán ser calquera das listadas na carta de servizos de CESGA, publicada na súa páxina web, salvo no relativo á creación de contas de usuario e ao consumo de core-horas en modalidade de computación non priorizada, que continuarán sendo utilizadas pola FUNDACIÓN XENÓMICA sen contraprestación económica, tal como se viña efectuando desde o Convenio asinado en 2018 e en convenios anteriores.

Inicialmente, o presente Convenio recolle as actividades de soporte que se viñan prestando á FUNDACIÓN XENÓMICA en virtude do Convenio asinado en 2018 e a súa addenda de 2021. Os recursos recollidos no Convenio asinado en 2018 e na addenda asinada en 2021 deben entenderse como os mínimos garantidos a través do presente Convenio. Nel, engádese ademáis almacenamento de 2TB para a unidade produtiva CEGEN, que opera dentro da FUNDACIÓN XENÓMICA.

A FUNDACIÓN XENÓMICA poderá solicitar por escrito, mediante correo electrónico a helpdesk_sistemas@cesga.es novas actividades de soporte.

TERCEIRO.- Orzamento e financiamento:

Como compensación económica, polos gastos que a colaboración obxecto do presente Convenio lle causen á FUNDACIÓN CESGA, a FUNDACIÓN XENÓMICA, comprométese a aboar os importes dos servizos utilizados. Ditos importes son indicados no Anexo 1. Por tal motivo, as partes descartan a existencia de ánimo de lucro, limitando as achegas económicas a aquelas necesarias para a cobertura dos custos xerados pola realización das actividades conveniadas.

FUNDACIÓN CESGA emitirá trimestralmente as facturas correspondentes aos servizos utilizados pola FUNDACIÓN XENÓMICA que, previo informe favorable dos seus Servizos Técnicos, procederá ao pago no prazo de 30 días desde a data de emisión das facturas.

CESGA facturará o soporte correspondente a CEGEN separadamente do resto da facturación que se lle fai á FUNDACIÓN XENÓMICA, indicando no concepto que a factura corresponde a un servizo prestado para CEGEN.

CUARTO.- Comisión de seguimento:

Créase unha comisión de seguimento, constituída polo Xefe de Laboratorio por parte da FUNDACIÓN XENÓMICA e o Subdirector Técnico do CESGA por parte da FUNDACIÓN CESGA. Esta Comisión, reunirse a petición dunha das partes e propondrá a resolución das cuestións controvertidas que xurdan na aplicación do Convenio.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Compartir e comunicar os resultados obtidos nos respectivos ámbitos.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das actuacións previstas no convenio.
- Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación ao convenio.
- En xeral, as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución dos convenios.

QUINTO.-Persoal.

A subscrición do presente Convenio non conleva relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

SEXTO.- Vixencia:

O Convenio entrará en vigor ó día seguinte ó da súa sinatura e extenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022, sendo prorrogable automaticamente por períodos sucesivos dun ano, salvo que unha das partes demande o contrario expresamente e por escrito, cunha antelación mínima de 15 días, coas limitacións temporais previstas para os convenios no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMO.- Modificación, denuncia e extinción do presente Convenio:

As partes poderán denunciar ou modificar o presente Convenio en calquera momento, por acordo mutuo e previa a realización dos trámites que en cada caso procedan segundo a normativa vixente.

Serán causas de resolución do presente Convenio:

- a) Por incumprimento total ou parcial das cláusulas que o regulan.
- b) A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste Convenio por causas non imputables as partes.
- c) Polo transcurso do tempo estipulado, sen que se culminen as actividades acordadas.
- d) Por mutuo acordo entre as partes, ou porque unha delas demande a extinción expresamente e por escrito, cunha antelación mínima de 15 días á data de extinción efectiva.

OITAVO.- Natureza e xurisdición:

O presente Convenio ten natureza administrativa. As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento. As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

NOVENO.- Confidencialidade.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e garantía dos dereitos dixitais, ademais doutra lexislación vixente nesta materia, ambas partes comprométese a manter a máis estrita confidencialidade no que respecta a calquera información, datos persoais e documentación á que teña acceso en virtude do presente convenio e o deber de conservalos, sen poder utilizalos para usos distintos aos previstos no mesmo, e manifestar expresamente que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán mesmo despois do remate das relacións establecidas entre las partes por virtude do presente convenio.

DÉCIMO.- Transparencia.

De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica para incluír e facer públicos os datos referidos ao presente acordo nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que o Servizo Galego de Saúde dará publicidade deste acordo de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.

De conformidade con canto antecede e no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, subscriben o presente Convenio en duplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA FUNDACIÓN XENÓMICA**POLA FUNDACIÓN
CESGA****Asdo.: Ángel Carracedo Álvarez****Asdo.: Lois Orosa Nogueira**

A N E X O 1 :
CUSTOS DAS ACTIVIDADES DESCRITAS

Os custos das actividades descritas serán os vixentes en cada momento, e imputaranse de acordo cos publicados na web do CESGA salvo que para casos específicos ou en acordos por volume se podan aplicar outros importes. Neste caso realizarase consulta previa, e se formalizará o importe a aplicar nunha addenda específica. No momento da sinatura do presente Convenio, os importes a aplicar son os que se indican máis abaixo, salvo no relativo á creación de contas de usuario e ao consumo de core-horas en modalidade de computación non priorizada, que continuarán sendo utilizadas pola FUNDACIÓN XENÓMICA sen contraprestación económica, tal como se viña efectuando desde o Convenio asinado en 2018 e en convenios anteriores.

Alta de entidade en cálculo, creación de tres contas de usuario con 200 GB de almacenamento por conta e 200 GB de scratch. (Non aplica).	200,00 €
Conta de usuario adicional. (Non aplica).	20,00 €
Core-horas para realización de probas (limitadas, a negociar previamente según caso)	0,000 €
Importe de hora de cálculo (core-hora) en modalidade de computación non priorizada (entrada por sistema de xestión de acceso), por consumo. (Non aplica).	0,030 €
Importe de hora de cálculo (core-hora) en modalidade de computación priorizada, por consumo.	0,034 €
Importe de hora de cálculo (core-hora) en modalidade de reserva, por consumo.	0,036 €
Cálculo GPU, por core-hora. Aplicarase o número de cores usado en cada nodo.	1,44 €
Importe anual por TB de almacenamento adicional (almacenamento de longo prazo).	150,00 €
Importe mensual por TB de almacenamento adicional (por periodo mensual ou inferior, dentro dun contrato anual), hasta 3 solicitudes de cambio anuais.	12,50 €
Importe de operación de modificación do almacenamento contratado, a partir da terceira solicitude en contrato anual (a sumar ao importe de cada solicitude).	25,00 €
Importe backup a cinta. Inclúe cinta e 3 primeiras restauracións.	100,00 €
Operación adicional de restauración de datos cinta.	23,00 €
Hora de técnico para soporte adicional.	46,00 €
Aloxamento de servidor físico (Housing) – 800 W, importe anual	2.000,00 €
Aloxamento de servidor físico (Housing) – 600 W, importe anual	1.600,00 €
Aloxamento de servidor físico (Housing) – 400 W, importe anual	1.200,00 €

Cloud - Máquinas virtuais

	CORES	RAM (GB)*	HD (GB)*	Anual	Mensual
MV1	1	2	50	233 €	19,44 €
MV2	2	4	100	267 €	22,22 €
MV2.1	4	4	100	400 €	33,33 €
MV3	4	8	200	533 €	44,44 €
MV4	6	12	300	900 €	75,00 €
MV5	8	16	400	1.267 €	105,56 €
MV5.1	8	8	400	1.084 €	90,29 €
MV6	12	36	600	2.000 €	166,67 €
MV7	16	48	800	2.733 €	227,78 €
MV7.1	16	32	800	2.367 €	197,21 €
MV8	24	64	800	4.200 €	350,00 €

(*) Valores máximos

Os importes mencionados arriba non inclúen IVE, nin outros tributos, no caso de que correspondese a súa aplicación.

Outros servizos como formación, uso de aulas de formación ou presentacións, así coma videoconferencia, calcúlanse de acordo coa solicitude específica.